

Achegamento á literatura infantil galega dende unha perspectiva ecocrítica¹

Eulalia Agrelo-Costas

[Recibido, 31 marzo 2019; aceptado, 6 xuño 2019]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.54.5941>

RESUMO Neste traballo evidénciase a capacidade da literatura infantil para formar a nenez nos valores vinculados co universalismo, que se consideran imprescindibles para a preservación do medio ambiente e mesmo harmonizar a relación entre os seres humanos e a natureza. Dende estes parámetros, faise unha achega á ecocrítica que intercomunica ecoloxía e literatura e realízase un breve repaso algunhas das da literatura infantil galega que impulsan unha ideoloxía ecolóxica entre o seu lectorado.

PALABRAS CHAVE: ecocrítica; educación literaria; literatura infantil galega.

ABSTRACT In this study is evidenced the capacity of Children's Literature to teaching values associated with universalism, which are considered essential for the conservation of the environment and to harmonize the relationship between human being and nature. From these parameters, it will be done an approaching to ecocriticism that links ecology and literature and a brief summary of Galician literary works for children which encourage an ecological ideology among your readers.

KEYWORDS: ecocriticism; literary education; Galician Children's Literature.

17

Ecocrítica e literatura infantil¹

Mares ategados de plásticos, cidades irrespirables, deforestacións masivas, queimas incontroladas... son parte dos escenarios que a irresponsabilidade humana está a trazar nun mundo moi danado polos efectos do

¹ Este traballo encádrase no marco do proxecto de investigación *El tropo animal: un análisis ecofeminista de la cultura contemporánea en Galicia e Irlanda*. Ref. PGC2018-093545-B- I00 (Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades -MCIU- / Agencia Estatal de Investigación -AEI- / Fondo Europeo de Desarrollo Regional -FEDER- / UE).

cambio climático. Esta situación de emerxencia esixe unha reacción inminente, polo que diferentes entidades reclaman a protección e rexeneración do medio. A Asamblea Xeral da ONU adoptou en 2015 a *Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible*, que se formulou como un plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade. Nela propóñense 17 obxectivos con 169 metas que abranguen o ámbito económico, social e ambiental. Entre eses obxectivos, está o de “Acción polo clima”, que na súa meta 13.3 se propón “Mellorar a educación, a sensibilización e a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático, a adaptación a el, a redución dos seus efectos e a alerta temperá”.

O alcance deste logro está estreitamente vinculado coa consecución de saberes, destrezas e hábitos emparentados cos citados aspectos, pero sobre todo coa adquisición de valores que, segundo Shalom H. Schwartz (2001: 55), han de ser entendidos como metas desexables e transituacionais que actúan como principios na vida dunha persoa ou outra entidade social. Na súa teoría dos Valores Universais Básicos, este investigador transcultural fixa a existencia de dez tipos motivacionais caracterizados a partir da súa meta central, entre os que se atopa o universalismo, que define como comprensión, aprecio, tolerancia e protección do benestar das persoas e da natureza (Schwartz, 2001: 56). Toda unha serie de calidades e capacidades que é de obriga potenciar dende as etapas educativas iniciais para garantir a preservación do mundo físico e de todos os seres que nel habitan, así como propiciar un vínculo estábel entre eles.

Un dos medios máis axeitados para que a imprescindíbel harmonización entre o ser humano e a natureza chegue ás persoas concrétese na lectura que, como nos advirte Graciela Bialet (2016: 147), non nos converte maxicamente en mellores nin en peores persoas, aínda que nos ofrece a posibilidade de ampliar os puntos de vista, de sentirnos chamados pola historia humana, de experimentar a vida propia noutros e viceversa etc. Neste vieiro sitúase o texto literario que, ademais de representar un valor por si mesmo, resulta ser un transmisor de valores sociais (Larrañaga, Yubero e Cerrillo, 2004). A isto non é allea a literatura infantil que sobresae pola súa capacidade formativa e socializadora, pois no seu repertorio editorial, con maior ou menor intensidade, sempre discorren correntes de pensamento ligadas ás persoas e ao seu contexto vivencial.

Así Teresa Colomer (2005: 206), alén de resaltar as capacidades da literatura infantil para poñer as bases da educación literaria e configurar o imaxinario colectivo, confírelle a función de socialización das novas xeracións nos valores e condutas da súa cultura, debido a que posibilita:

ampliar el diálogo entre la colectividad y los pequeños para darles a conocer cómo es o cómo se desearía que fuese el mundo. Al identificar las imágenes o las acciones de los personajes, los niños no aprenden únicamente a identificar lo que aparece representado, sino los valores que se atribuyen a todas esas cosas: qué se considera correcto o mal hecho, bello o asqueroso, normal o exótico, apropiado o fuera de lugar, etc.

Esta dimensión da literatura convida a reflexionar e cuestionar moitas das prácticas da sociedade, entre as que cómpre incluír aquelas que agriñen o medio e que han de ser erradicadas pola asunción dunha conciencia ecolóxica, que incite ao coñecemento dos ecosistemas, ao uso racional dos recursos naturais e á adopción de medidas proteccionistas, sen ter que renunciar a un modelo de vida de calidade dende a perspectiva dun desenvolvemento sustentable. Sen dúbida, tornouse nunha urxencia “la necesidad de repensarnos a nosotros mismos cuestionando la construcción del sujeto como *consumidor* (terrible término deshumanizador) para entenderlo como *activista*” (Campos Fernández-Fígares e Martos García, 2017: 19). Un proceso transformador que se pode iniciar nos primeiros anos mediante a literatura infantil que é cualificada como o mellor instrumento para educar cidadáns formados e comprometidos coa contorna e sociedade na que se han de desenvolver (Quiles Cabrera e Sánchez García, 2017: 67).

A asociación da literatura coa liña ecoloxista deu lugar a aparición da ecocrítica, que xurdiu ante o silencio que a crítica literaria mantiña no tocante á problemática medioambiental. A súa maior proxección deuse nos anos noventa do século XX coa aparición do volume editado por Cheryll Glotfelty e Harold Fromm, *The Ecocriticism Reader*, no que a ecocrítica foi definida por Glotfelty (1996: XVIII) como “Simply put, ecocriticism is the study of the relationship between literature and the physical environment”. Para a profesora estadounidense a cultura humana está ligada a un mundo físico integrado polo ecosistema global da Terra e a esfera social, establecéndose entre eles un nexu de afección mutua. Nesta idea profundou noutras achegas, nas que sinalou que a ecocrítica

asume como tema principal as interconexións entre a natureza e a cultura, especialmente os artefactos culturais da lingua e a literatura, pois “Como postura crítica, tiene un pie en la literatura y el otro en la tierra; como discurso teórico, negocia entre el ser humano y el no humano” (Glotfelty, 2010: 19).

Ademais de estudar a ligazón entre literatura e natureza, a propia Glotfelty atribuíulle á ecocrítica a análise dos dilemas éticos e estéticos que se orixinan na crise ambiental e da maneira en que a linguaxe e a literatura transmiten valores con grandes implicacións ecolóxicas (Martínez, sen data). Estas e outras amplificacións e matizacións déronse ao redor do concepto de ecocrítica da man de Lawrence Buell, Jonathan Bate, Lawrence Coupe, Karla Armbruster e Kathleen Wallace, Glen Love e Greg Garrad, tal e como sinala a investigadora do ámbito da ecocrítica Montserrat López Mújica (2011). Non obstante, hai que recoñecer que dous trazos sempre se manteñen invariables na súa caracterización: por unha banda, a ecocrítica atende a relación entre a literatura e o medio ambiente; e, pola outra, faino dende a perspectiva dunha aberta conciencia militante no movemento ecoloxista (García Única, 2017: 81). De aí que se revele como un campo disciplinario que fractura a tradicional separación entre o ámbito científico e as humanidades, xa que abre unha ampla área interdisciplinaria: o enlace dos estudos literarios e o discurso ecolóxico con respecto a outras materias asociadas como a antropoloxía, a filosofía, a socioloxía, a psicoloxía e a ética (López Mújica, 2012).

É de sinalar que a ecocrítica tense centrado sobre todo na literatura institucional ou de adultos, polo que a literatura para as primeiras idades tardou en estar entre os seus obxectos de estudo. Nunha liña próxima, Mar Campos e Gloria García (2017: 97) sitúan as indagacións de Dobrin e Kidd sobre as interaccións entre os textos dirixidos á infancia e a experiencia desta coa contorna, co propósito de espertar a súa conciencia medioambiental, a partir da tradición americana da *nature writing* (Buell, 1996) e de clásicos da literatura infantil e xuvenil (Sendak, Verne, Salgari ou Kipling). Así mesmo, dende o Centro de Investigación em Estudos da Criança da Universidade do Minho de Portugal, Rui Ramos e Ana Margarida Ramos impulsaron o proxecto “Ambiente e ecoliteracia na novíssima literatura para a infâncía”. Unha proposta de investigación coa que procuran concretar as liñas de intersección entre os planos estético e lúdico da

literatura infantil e xuvenil e as súas virtudes pedagóxicas, especialmente no tocante á “ecoliteracia”, termo acuñado por David W. Orr e Fritjof Capra nos anos noventa e tamén coñecido como ecoalfabetización, que entraña

a capacidade de os cidadáos desenvolverem un tipo de pensamento favorável à desconstrución do paradigma antropocêntrico que caracteriza as sociedades occidentais e as súas consecuencias máis directas, nomeadamente a concepción do homem como legítimo explorador do medio natural em seu proveito e a da natureza como una inesgotável fonte de bens ao dispor de todas as necesidades e deseos humanos (o providencialismo) (Ramos e Ramos, 2013: 17).

Coa pretensión de aproximarnos á literatura infantil galega dende un enfoque ecocrítico, faremos un breve repaso de carácter cronolóxico que permita entrever a evolución da produción literaria que estimulou a sensibilidade e a conciencia ecolóxica mediante a alusión a algunha das súas producións, a partir sobre todo da consulta da *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (Roig, 2015) e os *Informes de literatura galega* (1995-2016). Deste modo contribuirase a configurar unha selección de textos que alenten a conciencia dos valores ambientais, patrimoniais e literarios e, polo tanto, levarnos a un activismo crítico, ao poñer en valor o medio ambiente, a herdanza cultural ou a lectura como partes enfiadas do patrimonio natural e cultural (Campos-F.-Fígares e García-Rivera, 2017: 103).

21

Lecturas ecolóxicas fundacionais

As ecolecturas abordan a problemática que se vive no planeta Terra a causa da gran crise ecolóxica existente, ademais de ser un tema atractivo para o fomento da lectura entre a nenez, pois o tratamento de cuestións reais incrementa un interese ou propósito concreto (Redondo e García, 2017: 92), que lle permite reflexionar sobre os ataques que azoutan o medio e propoñer solucións ante os conflitos que se formulan. Tanto a literatura de fontes tradicionais como a literatura infantil inclúen no seu corpus numerosas ecolecturas dirixidas a establecer conexións entre o mundo natural e o lectorado máis novo, unha tendencia que xa se pode rastrexar nos textos da produción literaria galega no remate da súa etapa de formación entre os anos 1950 e 1980 (Roig, 2015). En concreto, as obras fundacionais de concienciación ecolóxica son de finais dos anos setenta, despois de ter lugar no ano 1972

a primeira Conferencia do Medio Humano, na que os gobernos acordaron combinar o desenvolvemento económico e social coa preservación do medio ambiente e dos recursos humanos (Caride, 2017: 32) e diferentes informes advertían da aniquilación do planeta Terra tras o impararábel desenvolvemento industrial orixinado co remate da segunda Guerra Mundial.

Entre as primeiras obras que se sitúan nesta liña de preservación e harmonización co medio natural, atópase *Mar adiante. Historias de nenos pra nenos* (1973), de María Victoria Moreno. Dende a conxunción da realidade e a fantasía, unha mestra-narradora apártase das metodoloxías máis tradicionais e articula as aprendizaxes dende unha perspectiva significativa moi próxima á educación ambiental. De aí que imparta o seu maxisterio no barco Arroás en contacto co medio mariño, ao mesmo tempo que xorden outras historias de mensaxe ecolóxica que, como explica Carmen Blanco (1991: 214-217), se encadran nunha ética cristiá progresista baseada no principio do amor universal. O ronsel desta ecoficción de profundo lirismo seguiu a unha obra de denuncia contra as agresións ao medio físico, *Viaxe ao país de Ningures* (1977. Premio no II Concurso Infantil de Teatro 1975). Trátase dunha peza que se instala na corrente sociocrítica (Vieites, 1998: 214), debido a que nos seus oito cadros os elementos da transmisión oral e a comicidade se alían para recrear o asedio da cidade de Ningures pola contaminación industrial, contra o que uns nenos proactivos responden co erguemento dunha cidade alternativa cun nome de evocacións ecolóxicas, Beiramar.

Dende a corrente popular (Vieites, 1998: 214), Manuel María, un dos autores que máis ten contribuído á creación dun discurso nacional dende a súa escrita e que xa evocara o medio natural galego nos poemarios *Os sonhos na gaiola: versos pra nenos* (1968) e *As rúas do vento ceibe (versos pra nenos)* (1979) (Agrelo, Mociño e Roig, 2012), recuperou elementos da natureza autóctona en *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1979) para axuizar calquera manifestación de poder. Nesta farsa poética festiva e satírica escenifícase unha defensa do medio natural, especialmente, das fragas galegas, á vez que intertextualiza cos contos da transmisión oral e reúne no escenario personaxes humanos e outros personificados como Espiña de Toxo Berenguela, Folla de Carballo ou Espírito do Monte, que reivindicán a natureza como símbolo de liberdade (Fernández e Ferreira, 2015: 111).

Despegue da produción literaria de raizame ecolóxica

Foi nas dúas últimas décadas do século XX cando emerxeron con maior intensidade diferentes forzas dende os espazos científicos e os movementos sociais para solucionar os problemas do cambio climático, a extinción das especies, os conflitos sociais derivados da explotación dos recursos naturais, as migracións etc. Co propósito de consumir “ese cambio social construído por persoas formadas e informadas, que escuchan y son escuchadas” (Calvo e Gutiérrez, 2006: 119), os escritores e escritoras galegos animáronse a participar neste proxecto común sobre todo a partir dos anos noventa, cando se producía o asentamento da literatura infantil e xuvenil galega cunha proxección tamén internacional (Roig, 2015).

Mediada a década dos oitenta, Ana María Fernández e Xoán Babarro combinaron formas discursivas da tradición oral coa fantasía para darlle corpo á narración de *Tres países encantados* (1986), na que expresan o amor a unha natureza que conservar, ademais de tocar outros asuntos de carácter social mediante as vivencias de Malvela e as súas amizades. Unha cuadrilla tamén é a protagonista do relato de Agustín Fernández Paz, *A cidade dos desexos* (1989), que se nutre de motivos dos contos populares e da entrada da fantasía nun contexto realista para tratar a preocupante degradación do medio natural e animar a respectalo para vivir en espazos máis humanizados (Agrelo, 2017a: 113; 2017b: 22). Sitúase, así, na mellor literatura fantástica para a nenez que se ancora á realidade (emocional, psicolóxica ou social) e ten como función evidenciar cuestións ocultas desa mesma realidade da que xorde, de tal modo que faga visíbel o invisíbel e logre producir unha transformación no lector (Held, 1981), neste caso dirixida ao compromiso ecolóxico.

A estes títulos engádense outros publicados nos anos oitenta que acenan cara a certos aspectos relativos á degradación do ecosistema global que é a biosfera, así como ás conexións que o ser humano establece co resto dos seres vivos, caso de *Sempre Cristina* (1986), de Úrsula Heinze e *O xilgaro pintor* (1987), de Pepe Carballude. Con todo habería que agardar á década dos noventa para rexistrar os textos literarios infantís de maior contido ecolóxico e de superior calidade estética, como é *As flores radioactivas* (1990. Premio Merlín), de Agustín Fernández Paz, quen acabaría por ser un dos escritores máis emblemáticos dentro da literatura infantil de corte ecolóxico. A partir do asunto dos vertidos tóxicos na Fosa Atlántica e do activismo dos colectivos que alertaron sobre os ataques indiscriminados á natureza tras a

catástrofe nuclear de Chernobil, o binomio fantástico das palabras “flor” e “mar” cristalizou nesta novela de aventuras, que se sostén nas intervencións dun narrador heterodixético e os apuntamentos da intrépida protagonista deseñada ao modo dun Jim Hawkins feminino, porque o autor lucense estaba aborrecido das historias “nas que as rapazas andan ó rabo dos heroes, só en papeis secundarios” (Fernández Paz, 1990: 117). Unha aposta que sitúa esta narración no paradigma do ecofeminismo ilustrado proposto por Alicia H. Puleo que, dende a interconectividade entre a crítica literaria feminista e a ecocrítica, resulta idóneo para deconstruír a lóxica do dominio patriarcal (Antón Fernández, 2017: 49).

As súas voces contraponen dúas posturas ideolóxicas antitéticas –a capitalista dos poderes e a naturalista dos ecoloxistas– ao redor dunhas misteriosas flores que flotan sobre as augas da costa galega e que son froito da transformación dos residuos nucleares. Estas flores derivan nunha paz mundial que sitúa o autor no *wishful thinking*, é dicir, no pensamento volitivo que abstrae o que desexaría que sucedese: cae o Muro de Berlín, esvaécese o Pacto de Varsovia, debilítase a OTAN, elimínanse os exércitos... (Agrelo 2017a; 2017b). Outro dos feroces ataques que sofren os espazos naturais e a biodiversidade de Galicia foi evidenciado por Fernández Paz no texto de *As fadas verdes* (1999). Nel expóñense as consecuencias das queimas dos bosques autóctonos que tamén poden facer desaparecer as fadas protectoras do ciclo vital. A combinación da fórmula de realismo e fantasía advírtenos, nesta ocasión, da desaparición do medio natural máis próximo ante a substitución das especies propias por outras máis rendibles dende o punto de vista económico, pero de efectos devastadores tanto para a terra como para as crenzas tradicionais, que perecen ante a perda da imaxinación dunha sociedade pouco soñadora e fortemente influenciada polo capitalismo.

Ademais da asociación entre realidade e fantasía, outra das fórmulas máis socorridas para facer unha análise crítica da sociedade actual represéntaa a modalidade literaria da ficción científica que, entre outros aspectos, propicia a reflexión sobre a necesidade dunha postura activa en defensa do medio e dos seus compoñentes, procurando un mundo sustentábel e equilibrado, no que sexa posíbel a convivencia harmoniosa (Mociño-González, 2018: 223-224). Da modalidade da ficción científica flúen as obras doutro autor de profundas conviccións ecolóxicas, Ramón Caride Ogando, coa serie literaria iniciada por *Perigo vexetal* (1995. Premio Merlín) e seguida por *Ameaza na Antártida* (1997). Nelas ficcionaliza as aventuras de Said e Sheila na busca

dun mundo mellor, a través das tecnoloxías futuristas para afrontaren problemas como a contaminación radioactiva, o emprego de produtos transxénicos, a agricultura intensiva, etc., á vez que introduce aspectos identitarios e deposita a esperanza na capacidade das novas xeracións para modificar o devir da humanidade en sintonía co equilibrio da natureza (Mociño González, 2011; Fernández e Ferreira, 2015: 201).

Outras narracións que dende as súas liñas argumentais tamén se preocuparon pola conservación do mundo físico, as consecuencias nocivas da contaminación, as especies en extincións etc. foron *Os enredos de Olalla* (1990) e *A fraga misteriosa* (1992), de Pepe Carballude; *O vagón que perdeu o tren/O xardín* (1991), de Paco Martín; *A princesa do cabaliño café* (1994), de Xoán Babarro; *O carabicolé* (1999), de Ana María Fernández; e *A viaxe de Purpurina ou a historia dunha pinga de auga* (1999), de Xabier P. Docampo. Un abano de narracións cuxos ideais ecolóxicos foron retomados dende poemarios infantís da autoría dos xa citados Ana María Fernández e Xoán Babarro, de Helena Villar Janeiro e sobre todo de Antonio García Teijeiro que, dende as súas primeiras contribucións basadas na lírica popular e aquelas máis acaídas ao que se deu en denominar poesía de autor, deitou a súa ollada sobre a natureza, sen renunciar á denuncia ecolóxica, en parte das composicións de *As catro estacións* (1991), *Ventos* (1992), *Lueiro de papel* (1995), *A fala das pombas que falan* (1999) e *Caderno de fume*, 1999).

25

Consolidación das mostras literarias de enfoque ecocentrado

Nestes primeiros anos do século XXI, a literatura para a infancia e xuventude galega alcanzou o seu asentamento definitivo grazas á existencia dun lectorado competente formado dende un sistema educativo que segue a reclamar lecturas, así como á implicación cada vez maior dun amplo abano de factores (produtores, institucións...) (Roig, 2015). O ascenso constante do xénero narrativo que se deu nos últimos anos plásmase tamén no número de narracións ao redor do eixe ecolóxico, que sempre experimentou un maior crecemento cando se producía unha catástrofe ecolóxica. As manchas negras de chapapote do Prestige ferían de morte o ecosistema mariño de Galicia co remate do ano 2002, ao mesmo tempo que as súas xentes sentían a chamada da verdadeira solidariedade para deter os seus efectos devastadores. A literatura infantil fixo memoria deste feito histórico nuns textos ficcionais, nos que a educación ambiental deixa impresa unha profunda pegada. É o caso do re-

lato de Agustín Fernández Paz, *A praia da esperanza* (2003); do cómic *Parando a marea negra* (2003), de Marilar Aleixandre e Fran Bueno Capeáns; das narracións de Ramón Caride, *O cabo da Serpe* (2004) e *A negrura do mar* (2004), esta última supón o cuarto volume da serie de Said e Sheila que, no ao 2000, dera a coñecer a terceira entrega co título de *O futuro roubado*; e da historia en verso de Miro Villar, *Carlota e a gaivota patiamarela* (2006). A estes títulos habería que sumar os textos xurdidos a raíz da vaga de lumes que asolaron os montes galegos no ano 2006, entre os que están *Un cabalo de lume* (2007), do que se serviu Fina Casalderrey para retratar o poder destrutor do lume cun final esperanzador, e *Lume! Dona Landra contra a lapa* (2007), de Alberto Varela Ferreiro, que “carece da beleza e da dimensión literaria” (Muíños, 2007: 74) necesarias para ser unha obra de referencia e renuncia á verosimilitude por non recoller os verdadeiros efectos dunha lapa de lume.

Se revisamos o traballo *Conta a natureza nos contos? Unha proposta lectora cara á educación ambiental e literaria* (Rodríguez González del Blanco, 2018), observamos que, entre 2006 e 2015, se publicaron un total de 629 obras narrativas infantís, das que 164 teñen os animais, as plantas e outros elementos da natureza como protagonistas centrais ou abordaron cuestións relativas á protección da natureza, a contaminación ou a reciclaxe. Porén non todas se poden considerar ecoalfabetizadoras ou cómplices co desenvolvemento sustentable, pois moitas delas adoecen de coñecementos asentados en esquemas científicos, desatenden o vínculo entre o ser humano e o medio e non lanzan propostas de compromiso ambiental.

Así un total de 83 obras outórgalles o protagonismo central a animais do máis diverso (especies propias de Galicia, domésticas, salvaxes e exóticas), pero case todos eles mudan a súa condición biolóxica por outra de cariz máis humana, xa que esta antropomorfización lle propicia ao lectorado infantil un maior grao de identificación e incluso o distanciamento coa historia, no caso de que entrañe dureza ou transgrida as normas sociais (Colomer, 2001: 11). É unha excepción *O trotaaugas viaxa cara as Gándaras de Budiño* (2009), de Víctor Manuel López Román, cuxo relato advirte do perigo que corre en Galicia o sapoconcho europeo e dá a coñecer a biocenose do ecosistema húmido dunha gándara. Ese antropocentrismo tamén se rexistra nas 30 narracións que exploran a relación entre persoas e animais, posto que nelas se evidencia a notoria superioridade do ser humano. Afástase desta corrente o álbum *A illa dos cangrexos violinistas* (2009), con texto de Xavier Queipo e ilustracións de

José Cisneros. A súa é unha ficción de tinturas lendarias e ecocéntricas, pois a natureza representada nos cangrexos violinistas responde con gratitude ao trato amábel e respectuoso que lle dispensa a comunidade de habitantes dunha illa caribeña. Esa mesma comunicación fraternal reaparece en *Os tratantes de papagaios* (2010), de Leticia Vila Sexto, por medio de Santi, quen é capaz de comunicarse cos animais por ser descendente do pobo fáuneo, que fora agraciado co don da fala animal polo espírito da natureza.

A chamada proteccionista cara ao medio natural escóitase no período analizado por Rodríguez González del Blanco (2018) naquelas narracións xa citadas ao redor dos efectos devastadores dos lumes do verán de 2006 e en textos salientables como o de *Mundo Arb* (2011. Premio O Barco de Vapor), de Xabier López Rodríguez, un autor de marcado pensamento ecolóxico, que nesta novela de viaxes e defensora do saber empírico artella unha alegoría en defensa da natureza mediante o fantástico mundo dos arborenses. Na denuncia da contaminación dos ríos insírese *A Xacia Luviñas* (2013), de Anxo Moure Mosquera, na que grazas á intervención dunha xacia, o ser máxico protector dos ríos, o rapaz barqueiro toma a iniciativa para non ver os ríos sucios, as fragas queimadas e as guerras iniciadas. Ríos poluídos tamén riscan as páxinas de *Dona Landra no Río Revolto* (2009), de Alberto Varela Ferreiro e *Unha escola nas nubes* (2015), álbum de María José Gulín Rodríguez e Antía Barba Mariño, aínda que agora non se expoñen as causas da contaminación nin as posibles solucións.

A capacidade dos seres fantásticos para plasmar modelos de conduta definidos cunha maior rapidez que as connotacións dos animais (Colomer, 2001: 10) xustifica que novos actores fantásticos asuman a responsabilidade de protexer o medio en *Os gardiáns do bosque* (2006), de Agustín Fernández Paz e *O libro das Illas Cíes* (2008), de Amalia Pérez Otero, mentres que os humanos son meros espectadores. Fronte a eles está a nena protagonista de *O sorriso de Claudia* (2007), de X. H. Rivadulla, quen atende a petición da moura do bosque para recuperar o corazón da natureza e, malia certas inconsistencias no contido, reúne a felicidade co óptimo estado da natureza. A fantasía e o soño tampouco faltan en *Historia dunha lata* (2006), de Alberto Varela Ferreiro, cunha nítida mensaxe cara á reciclaxe dos residuos nin en *Unha casiña branca* (2015), de Marcos Calveiro, cuxos protagonistas ansían fuxir dun insalubre vertedoiro e procurar un mundo libre de contaminación.

As liñas temáticas e discursivas destas obras foron revisitadas por outras entregas narrativas nos anos posteriores, nos que saudamos a chegada de diferentes textos de enfoque ecocéntrico que non renunciaron á calidade literaria. Salienta o ano 2018 pola súa rica produción de temática ecoloxista, á que pertence *Unha misión para Clara*, na que Marica Campo lles encargou a esta rapaza e aos seus amigos a misión de repoboar con especies autóctonas unha fraga de eucaliptos arrasada polo lume e habitada por uns seres máxicos. As consecuencias do poder destrutor do ser humano tamén as reflectiu Héctor Cajaraville en *Kusuma* (Premio Merlín), pois esta faisán femia abandona a asediada selva de Kaltin para garantir a supervivencia da súa rolada e loita contra todos aqueles que a consideran unha espúria na fraga galega de acolida. Non obstante a visión máis transgresora proxéctaa Paula Carballeira dende *Bruxa e familia*, ao arrastrar cara á marxe o antropocentrismo e ser agora o personaxe de aparencia humana, unha bruxa, a que acompaña e vive en plena sintonía cun amplo abano de animais, entre os que está o seu propio irmán losbishome. Dende unha proposta máis disparatada e lúdica, pero sen perder o rigor científico, Luísa Martínez Lorenzo esperta en *Puf! Vaia peido...* a curiosidade por saber dos organismos vivos de nomes sorprendentes en galego que habitan na costa, no monte e mesmo no ámbito doméstico.

28

A recreación do mundo natural coa alusión ás súas diferentes paisaxes e especies animais e vexetais é unha constante de moitos dos poemarios publicados neste período. Neles sobresaee a recorrencia ao acervo da literatura de transmisión oral e de autor, ao imaxinario fantástico, ao ludismo e tamén ao humor para debuxar poeticamente o universo natural dunha Galicia que han de descubrir para establecer con ela un nexo de afectividade e salvagardala da acción corrosiva das persoas. A modo de exemplo, poderíamos citar as obras galardoadas co premio Arume de Poesía, *Na praia dos lagartos* (2004), de Helena Villar Janeiro e *A princesa de Taramundi* (2010), de Xoán Babarro, e a finalista do Premio Merlín, *Acuarelas* (2009), de Rafa Villar. Dun xeito máis tímico respondeu a literatura dramática a esta chamada ecolóxica, aínda que é de citar a peza *O país acuático* (2001. Mención especial Premio Estornela), que sobe á escena a cinco pallasos para incidir na problemática da carencia de auga derivada da expansión de árbores foráneas como o eucalipto.

A modo de peche

Tras o exposto nas páxinas anteriores e seguindo a Glen Love (1996: 237-238), a literatura sitúa entre os seus principais obxectivos redimensio-

nar a conciencia humana cara a unha consideración total do seu lugar nun mundo natural ameazado, ao mesmo tempo que destaca a relevancia de asumir a supremacía da natureza e a necesidade dunha ética e estética que engloben o humano e o natural. Nesta posición sitúase a literatura infantil galega de orientación ecocéntrica que emerxe nos anos setenta do século XX, aínda que a súa maior proxección se deu nas seguintes décadas para consolidarse no presente século. Este crecemento débese sobre todo á intensificación do discurso ecoloxista dos últimos tempos, que esixe maiores atencións con respecto ao medio ambiente e instalou entre os seus focos de atención o restablecemento do vínculo coa terra e con todos os seres que nela habitan. Dúas perspectivas que se reiteran na maior parte das obras de vontade ecoloxista, posto que a advertencia sobre os riscos que fan perigar o contexto vivencial acompáñase dunha chamada cómplice e activa aos máis novos para que estreiten os seus lazos emocionais cun medio natural que hai que rexenerar e protexer.

Este ideario inclúese sobre todo en narracións, aínda que tamén se rexistra en certos poemarios e en menor medida en obras dramáticas. É de sinalar que non todos os seus textos se insiren nunha liña ecocéntrica, posto que nalgúns deles prima o antropocentrismo e mesmo as ideas transmitidas sobre o mundo natural carecen de amparo científico. Secasí un interesante número en crecemento nos últimos anos pode ser cualificado dende o enfoque ecocentrado (Glotfelty, 1996: xviii) como magníficas mostras, a partir das cales combinar a educación ambiental e a educación literaria sobre todo dende referentes do patrimonio material e inmaterial de Galicia. Esas ecolecturas de corte literario están asinadas por un variado elenco de autores, entre os que sobresaen algúns nomes de notábel conciencia ecolóxica, caso de Agustín Fernández Paz, Ramón Caride e Antonio García Teijeiro, estimulados segundo se recolle dende a eco-crítica polas condicións ambientais e os espazos da súa experiencia vital (Glotfelty, 1996: xxiii). Agardamos que sexan moitos os mediadores que se aproximen a esas pezas para que cheguen aos seus verdadeiros destinatarios, eses primeiros lectores aos que lles corresponde facer sustentábel un mundo, co que han de convivir en harmonía.

Eulalia Agrelo-Costas
Universidade de Vigo/
ICE-Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía

- Agrelo-Costas, Eulalia. 2017a. “Valores na obra infantil de Agustín Fernández Paz”, en *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, nº 4, pp. 109-127. DOI <http://dx.doi.org/10.15304/elos.4.4094>
- Agrelo-Costas, Eulalia. 2017b. “Agustín Fernández Paz: educación literaria y conflictos sociales”, en *Educación literaria y artística: conflictos sociales y bélicos* (eds. Carmen Franco-Vázquez e Blanca-Ana Roig Rechou). Barcelona: Graó, pp. 11-34.
- Agrelo-Costas, Eulalia; Mociño González, Isabel e Roig Rechou, Blanca-Ana. 2012. “Manuel María y la construcción de la identidad a partir de su obra infantil y juvenil”, en *Literatura Infantil y Juvenil e Identidades/Literatura para a Infância e Juventude e Identidades* (eds. Sara Reis da Silva e Beatriz Rodríguez Rodríguez). Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/Centro de Investigación em Estudos da Criança, pp. 13-28.
- Antón Fernández, Eva. 2017. “Claves ecofeministas para el análisis literario”, en *Revista de investigación y divulgación sobre los estudios de género*, nº 21, pp. 45-74. <http://revistasacademicas.ucol.mx/index.php/generos/article/view/1526> [Consulta: 01/02/2019].
- 30 Bialek, Graciana. 2016. “Memorias en el andén: para pensar la lectura como oportunidad”, en *Educación Social y alfabetización lectora* (coords. Santiago Yubero, José Antonio Caride, Elisa Larrañaga Rubio e Héctor Pose). Madrid: Síntesis, pp. 139-156.
- Blanco, Carmen. 1991. *Literatura galega da muller*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Buell, Lawrence. 1996. *The environmental imagination: Thoreau, nature writing, and the formation of American culture*. Cambridge: Harvard University Press.
- Calvo, Susana e Gutiérrez, José. 2006. *El espejismo de la educación ambiental*. Madrid: Morata.
- Campos-F-Fígares, Mar e García-Rivera, Gloria. 2017. “Aproximación a la ecocrítica y la ecoliteratura: literatura juvenil clásica e imaginarios del agua”, en *Ocnos*, nº 16 (2), pp. 95-106. DOI https://doi.org/10.18239/ocnos_2017.16.2.1511
- Campos Fernández-Fígares, Mar e Martos García, Aitana. 2017. “Lectura, ecología y educación: desafíos en la formación del profesorado”, en *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, nº 90 (31.3), pp. 15-25. http://www.aufop.com/aufop/uploaded_files/revistas/15128170497.pdf#page=16 [Consulta: 01/02/2019].

- Caride, José Antonio. 2017. “Leer el mundo con letras ambientales: un quehacer cívico y pedagógico en la formación del profesorado”, en *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, nº 90 (31.3), pp. 27-40. <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=27453789003> [Consulta: 01/02/2019].
- Colomer, Teresa. 2001. “La enseñanza de la literatura como construcción del sentido”. *Lectura y vida. Revista latinoamericana de lectura*, nº 22 (4), pp. 2-19. http://www.lecturayvida.fahce.unlp.edu.ar/numeros/a22n1/22_01_Colomer.pdf [Consulta: 01/02/2019].
- Colomer, Teresa. 2005. “El desenlace de los cuentos como ejemplo de las funciones de la literatura infantil y juvenil”, en *Revista de Educación*, nº Extraordinario 1, pp. 203-216. http://www.revistaeducacion.educacion.es/re2005/re2005_16.pdf [Consulta: 01/02/2019].
- Fernández Paz, Agustín. 1990. “Cando o autor fala de si”, en *As flores radiactivas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 113-117.
- Fernández Vázquez, Mar e Ferreira Boo, Carmen. 2015. “Século XX. Dende 1950 até 1980. Producción literaria. Literatura dramática” / “Século XX. Dende 1950 até 1980. Producción literaria. Narrativa infantil”, en *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (coord. Blanca Ana Roig Rechou). Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 105-112 / pp. 185-228.
- García Única, Juan. 2017. “Ecocrítica, ecologismo y educación literaria”, en *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, nº 90 (31.3), pp. 79-90. http://www.aufop.com/aufop/uploaded_files/revistas/15128170497.pdf#page=80 [Consulta: 01/02/2019].
- Glotfelty, Cheryll. 1996. “Introduction. Literary Studies in an Age of Environmental Crisis”, en *The ecocriticism reader. Landmarks in literary ecology* (eds. Cheryll Glotfelty e Harold Fromm). Georgia: The University of Georgia Press, pp. XV-XXXVII.
- Glotfelty, Cheryll. 2010. “¿Qué es la ecocrítica?”, en *Nerter. Revista dedicada a la literatura, el arte y el conocimiento*, nº 15-16, pp. 19-20.
- Glotfelty, Cheryll (sen data). “What is Ecocriticism? The Association for the Study of Literature and the Environment”, en <http://www.asle.org/site/resources/ecocritical-library/intro/defining/glotfelty/> [Consulta: 12/03/2019].
- Held, Jacqueline. 1981. *Los niños y la literatura fantástica: función y poder de lo imaginario*. Barcelona: Paidós.
- Larrañaga, Elisa, Santiago Yubero e Pedro Cerrillo. 2004. “Un análisis de la imagen social del lector”, en *Valores y lectura. Estudios multidisciplinares* (coords. Santiago

Yubero, Elisa Larrañaga e Pedro Cerrillo). Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 15-38.

López Mújica, Montserrat. 2012. “Literatura, ecología y educación”, en *Comunicación y escrituras. En torno a la lingüística y la literatura francesas* (eds. Esperanza Bermejo Larrea, Juan Fidel Corcuera Manso e Julián Muela Ezquerra). Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza, pp. 531-540.

Love, Glen A. 1996. “Revaluing Nature. Toward an Ecological Criticism”, en *The ecocriticism reader: Landmarks in literary ecology* (eds. Cheryll Glotfelty e Harold Fromm). Georgia: The University of Georgia Press, pp. 225-240.

Martínez, Julia Inés (sen data). “Convergencias entre ecocrítica y postcolonialismo en *Sans Souci and Other Stories*, de Dionne Brand”, en <https://studylib.es/doc/6093304/martinez--julia-ines.-convergencias-entre-ecocritica> [Consulta: 15/03/2019].

Mociño González, Isabel. 2011. *Estudo comparado da narrativa infantil e xuvenil de ficción científica nas literaturas galega e portuguesa*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento.

Mociño González, Isabel. 2018. *Narrativas de ficção científica para a infância e a juventude*. Porto: Tropelias&Companhia.

Muñíos, Noela. 2007. “Alberto Varela Ferreiro. ¡Lume!”, en *Fadamorgana*, nº 11, p. 74.

ONU. 2015. *Agenda 2030 para el desarrollo sostenible*, en <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/2015/09/la-asamblea-general-adopta-la-agenda-2030-para-el-desarrollo-sostenible/> [Consulta: 11/03/2019].

Quiles Cabrera, María del Carmen e Sánchez García, María Remedios. 2017. “Educación medioambiental a través de la LIJ: Claves para la formación del profesorado en los grados de magisterio”, en *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, nº 90 (31.3), pp. 65-77. http://www.aufop.com/aufop/uploaded_files/revistas/15128170497.pdf#page=66 [Consulta: 01/02/2019].

Ramos, Ana Margarida e Ramos, Rui (2013). “Ecoliteracia e literatura para a infância: quando a relação com o ambiente toma conta dos livros”, en *Solta palavra*, nº 19, pp. 17-24. <http://repositorium.sdum.uminho.pt/handle/1822/23877>. [Consulta: 01/02/2019].

Redondo Moralo, Fátima e García Rivera, Gloria. 2017. “Lecturas ecológicas y emoción a través de los cuentos tradicionales: Proyecto dirigido al alumnado de Primaria y con Dificultades Específicas de Aprendizaje”, en *Revista Interuniver-*

sitaria de Formación del Profesorado, nº 90 (31.3), pp. 91-101. https://www.aufop.com/aufop/uploaded_files/revistas/15119163309.pdf#page=92 [Consulta: 01/02/2019].

Rodríguez González del Blanco, Teresa. 2018. *Conta a natureza nos contos? Unha proposta lectora cara á educación ambiental e literaria*. Pontevedra: Universidade de Vigo. Tráballo Fin de Grao.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.). 1996-2016. *Informe de Literatura*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. (CD-ROM e www.cirp.es/rec2/informes/).

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.) 2015. *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Schwartz, Shalom H. 2001. “¿Existen aspectos universales en la estructura y contenido de los valores humanos?”, en *Psicología social de los valores humanos* (coords. María Ros e Valdiney. V. Gouveia). Madrid: Biblioteca nueva, pp. 53-77.

Vieites, Manuel F. 1998. “Literatura dramática e teatro para a infancia e a mocidade. Breve introducción para o seu estudio”, en *Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)* (ed. Manuel F. Vieites). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.